

Os exilios que somos [Fotopoemario]

(Alvarellós Editora, 2020) de IRENE TOMÉ e XABIER RON

1

Contexto histórico

O presente fotopoemario parte dunhas coordenadas espaciais e temporais moi concretas, como é o **recordo que atesouraba unha familia en particular** —que se ergue coma un valor que supera o anecdótico para acadar un valor universal— sobre a **Guerra Civil** desencadeada tras o intento de Golpe de Estado contra o Goberno da **Segunda República**, conflito e que se desenvolveu entre o 17 de xullo de 1936 e que remataría no mes de abril de 1939.

A segunda coordenada vén dada pola **cruenta posguerra e a «longa noite de pedra»**, en símil xa célebre creado polo poeta galego Celso Emilio Ferreiro. Falamos da **Ditadura franquista** que se estendeu desde 1939 até 1975.

Esa memoria quedou sedimentada debaixo do medo a falar daqueles tempos. As persoas que defenderan a Segunda República sufriron unha **represión sistemática** que, co decorrer da Ditadura franquista, nunca deixou de se aplicar con man de ferro.

A **Transición** non foi un modélico desfile cara á Democracia, xa que houbo moita violencia polos partidarios de Franco. Violencia que marcou, e moito, a elaboración da **Constitución Española** en 1978, onde se mantivo intacta a **Lei de Amnistía de 1977**.

Esta Lei rematou por se converter nunha **Lei de Punto Final**, que iguala a vítimas e vitimarios.

Poetizar sobre a memoria

Con todo, neste fotopoemario non queriamos tratar a crueldade nin a violencia que nos entregaba esa **memoria recuperada**. Poetizamos sobre ela, a través de alusións e recollendo, como dicíamos ao comezo, a memoria dunha familia, que pode ser a de moitas outras persoas. E entón xurdiu a palabra «**exilios**», título do último poema e tamén da obra. Un exilio que pode ser —que foi—, real, de centos e miles de persoas, mais tamén metafórico, un exilio que vai no interior de moitas persoas, nos seus silencios herdados, nos seus medos...

Con este escrito desexamos expoñer algunhas das **potencialidades que ofrece o fotopoemario para o seu aproveitamento didáctico nas aulas**. En esencia, imos propor dous dipos de actividades:

- Actividades contextuais ao fotopoemario.
- Actividades textuais, relacionadas coa propia textualidade e co diálogo que tece coas fotografías.

Para que o aproveitamento sexa o máximo cómpre iniciar o proceso na orde en que figuran os apartados.



Actividades contextuais

Conceptos previos

Como afirmaba o filósofo alemán Hans-Georg Gadamer, para poder afrontar de maneira axeitada unha tarefa cómpre entender os conceptos cos que se vai traballar. E para entender o contexto en que nace a poetización da memoria é preciso saber a que nos referimos con 'guerra civil', 'ditadura', 'Segunda República', 'memoria democrática', 'exilio', 'transición', 'guerrilla', 'represión', etc. Trátase de dar unha breve definición de cada un dos conceptos para que o alumnado poida realizar con aproveitamento as diferentes actividades.

Traballar a Memoria

A ditadura franquista marcou a vida de moitas persoas, entre elas a dos teus familiares.

Que sabes realmente dos teus avós e avoas?

Que saben eles e elas desa Ditadura?

Se non a viviron, non importa, podes interrogar sobre a súa consideración con respecto a ese tempo.

Se non tes avós vivos, podes realizar o traballo coa persoa de máis idade da túa familia.

Propoñemos a elaboración dun *Diario da Memoria Familiar* onde se recollan as impresións dos avós e avoas. O consello é animar a que falen, facer a pregunta e deixar que falen, sen frear o seu fío conversacional. Podes apoiar as túas notas cunha gravación das súas palabras empregando algunha aplicación do teléfono móbil. Tamén, para ir en consonancia co proceso que deu lugar a

este fotopoemario podes acompañar a túa entrevista cunha **fotografía actual das persoas que entrevistas** e tamén, por que non, cunha serie de **fotografías que sexan da época da súa mocidade**. Un segundo estadio da conformación dese *Diario da Memoria Familiar* pode vir dado pola recollida da **memoria dos pais e nais, sen necesidade de contarles o que foran dicindo os avós e avoas**, sobre a súa visión da Ditadura franquista. Así, quizais, poderedes percibir se sabían o que os seus proxenitores contaron, se coñeceron o silencio, que tipo de información recibiron sobre aquel tempo, etc.

2

MODELO DE PREGUNTAS

- a) Avó/avoa, tocouche vivir a Ditadura franquista?
- b) Como defines a aquela época? Como te sentes cando recordas aquel tempo?
- c) Cal é o recordo máis importante que conservas daqueles tempos?

O último e terceiro estadio do traballo sería **presentar o Diario na clase aos compañeiros e compañeiras**, incidindo no que te chamou máis a atención sobre o que che contou a túa familia.

Roteiro

Traballo colectivo, a realizar entre o grupo ou grupos de alumnado. Diferenciaremos tres fases para a súa elaboración:

1ª.- **Re-coñecer o espazo** en que está a comunidade educativa:

1.1. Que feitos importantes da túa contorna podes situar nos tempos da Ditadura franquista? Existe algún emblema ou símbolo que represente a persoeiros significados da Ditadura?

1.2. Que persoas se destacaron por seren defensoras da Segunda República?



Cales por coñecer a represión? Existe algún monumento que recorde a estas persoas?

2ª.- **Deseñar un mapa** [físico ou interactivo, dixital] con indicación dos feitos e das persoas identificados.

3ª.- **Realizar un percorrido** polo roteiro da memoria democrática da zona que se

pode vincular a trazos da paisaxe, da arqueoloxía, da cultura, da lingua (especial énfase na microtoponimia, a que corre máis riscos de desaparecer) e da literatura. Recomendamos conservar memoria gráfica da realización do roteiro.

Actividades textuais

Actividade previa: interpretando os paratextos

O fotopoemario ábrese (pp. 9-10) cunha serie de citas tanto de obras poéticas (Xesús Rábade Paredes, Claudio Rodríguez Fer e Celso Emilio Ferreiro) coma narrativas (Javier Cercas) ou ensaísticas (Mercedes Vilanova, Paloma Aguilar e Leigh A. Payne) que a ciencia da teoría da literatura denomina **paratextos**. Son, en concreto, paratextos de autor, que cómpre diferenciar dos paratextos de editor, que veñen dados, principalmente, pola información que figura nas lapelas sobre a autoría e a obra.

Os paratextos de autor serven para apoiar e acompañar os textos (imaxes e poemas) que se ofrecen. A súa presenza é, xa que logo, totalmente consciente e deliberada. A súa lectura debe realizarse, ao noso entender, en dous momentos diferenciados, pola posibilidade de que sexan interpretados de maneira diferente.

O primeiro momento obedece á propia presentación no fotopoemario, isto é, como soleira que convida a entender cal pode ser a temática e os sendeiros que adopten os versos.

ACTIVIDADE

Lectura dos seis paratextos e responder á seguinte cuestión usando non máis de 5 ideas-chave:

Cal é a temática tratada polo fotopoemario?

Propónse recompilar a riqueza conceptual que emane e establecer a listaxe das 10 ideas-chave máis recorrentes.

O segundo momento vén despois de ler todo o poemario, xa que a nosa interpretación pode variar en función da lectura e do visionado das fotos. Sería agora cando se podería comprobar a efectividade das 10 ideas-chave seleccionadas polo grupo-clase.

Actividades centrais

I. Obxectos

Unha vez realizada a actividade dos paratextos é cando se pode proceder á lectura completa do fotopoemario. Esta lectura pódese realizar de maneira individual, poema a poema, ou grupal, segundo considere o profesorado.

En calquera caso, de optaren pola lectura grupal unha solución sería crear 4 grupos (un por cada sección do fotopoemario) conformado por 5 alumnos e alumnas. Cada un dos alumnos e alumnas, na orde de presentación do libro, lería o seu poema e, a modo de mergullo

inconsciente, falaría do que lle atrae máis da combinación de imaxe e texto e do que transmiten ambas linguaxes. Unha vez realizada a lectura do poemario é cando se pode pensar en diversas actividades para estimular a reflexión do alumnado.

Exemplo de actividades:

1) Relaciona cada un dos obxectos que conforman a primeira parte do libro coas dúas características máis relevantes que asoman nos poemas que os definen:

OBXECTO	TRAZOS
Violín	
radio	
canón	
imaxe	
maceta	

Trazos (en desorde): ferida – silencio – dureza – verdade – reparación – voz – liberdade – invencible – esperanza – medo.

O profesorado pode animar a realización de actividades semellantes coas restantes seccións: *espazos, persoas e lembranzas*.

4

II. Espazos

O espazo é fundamental para as persoas xa que nel está a nosa raíz, a nosa casa, o noso traballo, e nel **exprésanse as nosas relacións humanas**. Para as persoas que rememoran o espazo é esencial.

- 1) Cales son os espazos privilexiados polas persoas entrevistadas para crear o *Diario de Memoria Familiar*? É o mesmo espazo en que vives hoxe? Por que non?
- 2) Que lugares destacas do espazo en que vives? Que botas de menos? Por que?
- 3) No fotopoemario a auga adquire unha especial importancia. Cales son os motivos ao teu entender? Que representa para ti un río?
- 4) Nesta sección hai dous poemas que tratan o tema da ausencia, cales son?
- 5) Coñeces casas en ruínas ou abandonadas no teu espazo? Consideras que os motivos poderían ter que ver en certo modo cos expresados nos poemas desta sección?

III. Persoas

Nesta sección, dedicada ás persoas, as avoas e os avós son fundamentais. Por

que? Relaciona a túa resposta co *Diario da Memoria Familiar*.

Mais tamén hai un poema, titulado «Escribide por elas», que defende a memoria dunhas mulleres moi especiais: Quen son? Sabes dicir onde se fixo a fotografía que acompaña o poema? Por que foron especiais?

IV. Lembranzas

Nesta sección, as lembranzas son as protagonistas. Como se pode comprobar é aquí onde figura o poema que dá título ao conxunto, «Os exilios que somos». Debido á importancia que adquire este concepto propoñemos un abano de actividades e reflexións sobre o exilio.

ACTIVIDADES SOBRE O EXILIO

Tipos de exilio

- A dimensión máis recoñecida é a do **exilio exterior**. Milleiros de persoas se viron na obriga de fuxir para non morrer asasinadas en mans do exército franquista. Por norma, o contexto deste exilio é traumático, coma o que coñeceron o máis de medio millón de españois que entraron



pola fronteira francesa entre xaneiro e o 11 de febreiro de 1939, cando a derrota da Segunda República era toda unha evidencia trágica. Unha vez en Francia foron confinadas en campos de concentración ao sur dese país en condicións deplorables, enfermos e morrendo de frío e fame. Despois, malia que os republicanos axudaron a Francia formando parte de batallóns de traballadores e na Resistencia, o certo é que o destino dos republicanos foi acabar nos campos de exterminio nazis (Mauthausen-Gusen, Auschwitz, etc), onde foron milleiros os que morreron asasinados. Nese contexto, os superviventes dos campos, por norma, permaneceron no exilio até despois da morte de Franco. Aí procuraron manter viva a chama da Segunda República.

- O exilio tamén tiña unha dimensión interior menos considerada e menos estudada, xa que non podemos esquecer o **exilio interior** que vivían as persoas de conviccións republicanas, obrigadas a non se manifestar en público por medo a seren xulgadas, encarceradas ou mesmo asasinadas. Tiñan que silenciar a súa ideoloxía, como é obriga na ditadura de todo tipo. Algunhas persoas republicanas e ateas, por exemplo, para poder ter algo de vida social, acabaron por ir a misa, xa que os que non ían a misa eran considerados pouco menos que apestados.

- Pero o exilio tiña unha dimensión «enclaustrada». Con este termo referímonos ás persoas que, coma o poeta Santiago Marcos, o poeta-toupa, que pasou 22 anos encerrado na súa casa por medo a que o asinasaran porque pertencía a un sindicato e era socialista. A comezos de 2020, nas salas de cine proxectouse a película *La trinchera infinita*, que trata con mestría este duro tema. En efecto, estes «enclaustrados» non saían á rúa por medo a seren detidos e asasinados por seren republicanos, socialistas ou comunistas.

- Coa crise económica iniciada no 2007-2008 debido, entre outros factores, ao estourido da burbulla inmobiliaria, foron milleiros os galegos e galegas que se viron na obriga de marchar a outros países para poder traballar e realizar o seu proxecto de vida. **En certo modo, o exilio comparte trazos coa emigración.**

ACTIVIDADES

- Que analoxías e que diferenzas estableces entre a vida que puido levar unha persoa como Santiago Marcos e a que viviron as persoas confinadas en Galicia no mes de marzo e abril de 2020 por mor do COVID-19?

- Cales son os poemas que se vinculan dunha maneira clara co exilio? Cales son os trazos semánticos que os definen?

- Na última sección é onde aparece recollida de forma máis clara un tipo de exilio moi determinado, o de «estar no monte», onde naceu a actividade de resistencia antifranquista da guerrilla. A guerrilla foi posible grazas á determinación dos que decidían entregar a súa vida polo ideal de liberdade e tamén á xenerosidade e axuda das persoas que se mantiñan abaixo, nas aldeas, pobos ou vilas. O poema «Lonxe alá no monte» expresa esta situación, de que maneira?

- Cales son as semellanzas existentes entre a emigración e o exilio? Toda emigración é un exilio? Argumenta sempre as túas respostas.

- *A morriña* é un estado vital que coñecemos moi ben en Galicia: sempre fomos un colectivo emigrante. A morriña asóciase á tristura e á melancolía. Nesta sección tres dos cinco poemas destilan nos seus versos aroma a morriña. Cales son eses poemas? Destaca en cada un deses poemas imaxes que comuniquen tristura e melancolía.

